

# Informe de actividades 2006

...tados de la fase anterior sino que también suponga una oportunidad para mejorar en lo posible los métodos y procedimientos de trabajo; para es...



...tados de la fase anterior sino que también suponga una oportunidad para mejorar en lo posible los métodos y procedimientos de trabajo; para es...

# Emprego e Formación Profesional

O emprego constitúe un dos aspectos clave para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento pleno da cidadanía, pero boa parte dos membros da comunidade xitana galega teñen seriamente limitadas as súas posibilidades de integración social plena pola gran distancia que aínda os separa dos recursos de formación normalizados e do acceso aos empregos por conta allea e pola presenza do fenómeno da discriminación no eido laboral.

As ocupacións ás que tradicionalmente se adicaron os xitanos en Galicia (venta ambulante, recollida de residuos, ...) están en recesión e son cada vez máis insuficientes para garantir o sostemento familiar e o acceso a outros bens e recursos, o que crea unha situación de dependencia cada vez maior das prestacións sociais. Para romper con esta situación, a FSG desenvolveu durante o ano 2006, e dende o 2001, diversos proxectos e accións no eido do emprego.

Paralelamente traballouse tamén dende as diversas convocatorias autonómicas co obxectivo de poder reforzar coa contratación de persoas desempregadas a labor dos equipos Acceder. Así como tamén renovamos a nosa colaboración coa Consellería de Traballo como Centro Colaborador (en Vigo) do Servizo Galego de Colocación para o desenvolvemento de Accións de información, orientación e busca de emprego co fin de deseñar os itinerarios individuais de acordo aos propios intereses e ás capacidades dos demandantes do servizo público de emprego e como Centro Asociado (en Vigo e Lugo) para a tramitación de ofertas de traballo, o que nos permite estar en permanente contacto co tecido empresarial e nos sitúa moi positivamente á súa carón.

E xa, por último, no 2006 na cidade de A Coruña organizamos un Seminario sobre Comunidade Xitana e Emprego con unha valoración positiva tanto no que se refire ao nivel de participación como ás relacións que con motivo da súa organización se establecen de cara a futuras colaboracións coas diferentes institucións implicadas no eido do emprego.

# Programa Acceder

Nas últimas décadas produciuse unha sensible mellora nas condicións de vida da poboación xitana, propiciada polo acceso aos sistemas de protección social, á vivenda pública e aos sistemas de saúde e educación. A pesar de iso, unha boa parte da poboación xitana continúa constituíndo un dos grupos máis vulnerable e con maior risco de exclusión social e económica de Galicia estando identificado o limitado acceso ao panorama laboral como o indicador de maior impacto na situación do seu aumento progresivo de dependencia das prestacións sociais.


Neste contexto, o Programa Acceder pretende promover oportunidades para a inclusión laboral dos xitanos no mercado de traballo normalizado, impulsar unha vontade entre a comunidade xitana para incorporarse a este mercado, pór ao seu alcance ferramentas formativas, de orientación e acompañamento que o fagan posible e establecer redes de cooperación tanto coas empresas como cos outros axentes sociais que poidan facilitar este camiño.

Dende o ano 2001 en Galicia traballamos nas cidades de Pontevedra e Vigo co obxectivo de posibilitar que 825 xitanos se beneficiasen directamente dos diferentes servizos que dende este programa se desenvolven, mellorando as súas condicións de empregabilidade e que, polo menos 145 deles acadasen un traballo. Na corrección das expectativas realizada con motivo da ampliación do Programa ás localidades de Lugo e Santiago de Compostela comezamos a falar da posibilidade de acadar a cantidade de 1000 usuarios/as e 600 contratacións laborais. A día de hoxe os datos que nos achega o Programa Acceder




• FSE  
• FEDER

## USUARIOS ACUMULADOS



## CONTRATOS ACUMULADOS



no período 2001-2006 dan por acadado este obxectivo, contando ao finalizar o ano 2006 con un acumulado de 1069 usuari@s e 987 contratos.

Os destinatarios do noso Programa Acceder son:

- A poboación xitana galega, con especial atención aos xóvenes e ás mulleres entre os 16 e 30 anos;
- Empresarios das cidades en que temos dispositivo aberto;

- As administracións públicas, organizacións xitanas e outros axentes sociais do noso territorio.

As accións fundamentais do programa en Galicia concretáronse nos 4 anteriores dispositivos de inserción laboral, onde se atende ás persoas de maneira individualizada e adaptada no seu proceso de acceso ao emprego a través dos seguintes servizos que ofertamos en cada un deles:

- Servizo de acollida e información.
- Itinerarios personalizados de formación e busca de emprego.
- Orientación sociolaboral e tutorías.
- Actividades de preformación e formación profesional (formación interna).
- Derivación e seguimento en outras actividades formativas (formación externa).
- Accións de prospección e busca activa de empregos no mercado de traballo e intermediación coas empresas.
- Acompañamento no posto de traballo.
- Información e asesoramento ás empresas sobre axudas á contratación por conta allea.
- Asesoramento e apoio de cara ao autoemprego.
- Accións de sensibilización dirixidas ao mundo empresarial.

O éxito desde programa dependeu tamén da nosa capacidade, como entidade recoñecida no territorio, para reunir en torno a un proxecto común aos diferentes actores implicados, fundamentalmente as institucións, e para elo a FSG–Galicia subscribiu convenios de colaboración cos departamentos das administracións autonómica e locais responsables das políticas de Benestar Social e Traballo a través das correspondentes consellerías, concellerías ou institucións municipais.



O programa non obviou tampouco ao outro axente social clave para o éxito: o sector empresarial. Ao longo destes anos firmamos convenios de colaboración para formación, algúns con compromiso de contratación ademais dun importante convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo.

## OS USUARIOS/AS

Debemos sinalar en primeiro lugar que dentro do conxunto do Programa Acceder establécese unha diferenza entre usuari@s Acceder e usuari@s Preacceder.

Consideramos usuari@s Preacceder aqueles que no momento do diagnóstico non están en condicións de acceder a un posto de traballo, xeralmente pola problemática social asociada que debe ser resolta previamente ao inicio dun itinerario de inserción laboral. Estes usuari@s Preacceder (188 en total) pode chegar un momento en que pasen a ser usuari@s Acceder dependendo da súa evolución en que aqueles eidos que se consideran básicos e requisitos mínimos de empregabilidade. Consideramos usuari@s Acceder a todos aqueles usuari@s do programa que están levando a cabo un itinerario individualizado de inserción laboral (aos que nos referiremos en exclusiva de agora en diante).

### USUARIOS/AS PROG. ACCEDER 2006 POR LOCALIDAD

Santiago de Compostela	21
Lugo	37
Pontevedra	30
Vigo	100

### USUARIOS/AS PROG. ACCEDER (TOTAL) POR LOCALIDAD

Santiago de Compostela	153
Lugo	186
Pontevedra	282
Vigo	352

Durante o ano 2006 produciuse a alta dun total de 135 novos usuari@s no programa de emprego, contando actualmente con un total acumulado de 973 usuari@s, respectando o porcentual máximo dun 30% de usuari@s non xitan@s.

Dende a perspectiva de xénero os homes configuran o 48'9% das novas incorporacións e as mulleres o 51'1% dos usuari@s novos no programa Acceder. Dende a perspectiva de xénero, se ben, os perfís son moi semellantes, atopamos diferenzas: o perfil tipo do usuari@ Acceder é o dun home, menor de 30 anos sen estudos ou con certificado escolar, cabeza de familia e sen experiencia laboral previa no mercado normalizado e no caso das usuarias é o dunha muller, menor de 30 anos, sen estudos, con fillos a cargo e sen experiencia laboral previa dentro do mercado normalizado.


A maior diferenza entre ambos perfís atopámola en canto ás responsabilidades familiares. Mentres que para os homes xitanos, estas responsabilidades non impiden o seu acceso ao mercado laboral senón que, todo o contrario, funcionan como a situación detonante para a busca de emprego dentro do mercado laboral normalizado, no caso das mulleres xitanas son determinantes á hora de iniciar e avanzar no seu itinerario laboral chegando, en moitas ocasións, a funcionar como un freo para el.

Como vemos, a participación das mulleres é sensiblemente maior á dos homes, característica

### USUARIOS PROG. ACCEDER 2006. GÉNERO



### EDAD DE LOS/LAS USUARIOS/AS PROG. ACCEDER 2006



que se repite nos catro dispositivos galegos. Ao longo de todo o período 2000-2006 dase unha incorporación progresiva da muller ao programa, pasando do 41% inicial ao 47% actual, levando tres anos consecutivos incorporando máis mulleres que homes, o que pon de manifesto a necesidade que está percibindo a muller xitana de atopar o seu espazo de desenvolvemento persoal fora do seu ámbito tradicional: a familia e dos roles que tamén tradicionalmente se lle teñen asignados: o coidado dos menores e a atención do fogar.

Polo que respecta á idade, mantéñense as características da pirámide poboacional da comunidade xitana, con ampla base nas idades xóvenes e en diminución conforme se avanza en idade. No programa Acceder un alto porcentual (54%) se atopa entre os 16 e os 30 anos, baixando o peso porcentual de usuarios/as conforme se avanza en tramos de idade.

Outra das características do perfil do usuario Acceder é a falta de estudos. Nun porcentual superior ao 90% non teñen estudos ou non remataron a ensinanza obrigatoria. Este dato leva á necesidade de facer un importante esforzo no eido da educación e da formación.


## ACCIONES DE FORMACIÓN

Tendo en conta os datos que reflexa o Informe para o Ministerio de Trabajo da “Comisión de Expertos para o Diálogo Social”: “Aínda cando a taxa agregada de ocupación experimentou un aumento apreciable, estas ganancias de emprego non se distribuíron por igual entre todos os grupos de poboación e aínda existen notables diferenzas entre eles, de forma que as mulleres, os xóvenes e as persoas de menor nivel educativo e con menores cualificacións profesionais teñen unhas taxas de

ocupación moi inferiores á taxa de ocupación agregada”. Datos que tamén se reflicten no noso Informe sobre Poboación Xitana e Emprego.

Por este motivo, dende os inicios do Programa Acceder un eixo moi importante de actuación ven sendo o da formación, ben ofertando actividades de formación prelaboral e formación profesional de cara á obtención do certificación de profesionalidade (xestión directa de recursos formativos –formación propia-) ou ben derivado aos nosos usuari@s a acción formativas organizadas por outros recursos comunitarios (derivación a recursos formativos externos –formación externa-) e levando a cabo o seu seguimento en coordinación con estes recursos.

## PARTICIPANTES EN FORMACIÓN 2006



## GÉNERO



## A. XESTIÓN DIRECTA DE RECURSOS FORMATIVOS

As accións formativas realizadas están planificadas conforme aos novos nichos de emprego detectados en cada unha das cidades en que estamos a traballar. Para levar a cabo este diagnóstico contamos, por unha banda, tanto co Observatorio Ocupacional da propia Consellería de Traballo

como coas súas publicacións (basicamente o Estudo de Mercado Laboral e a de Saídas profesionais comarcais) e, por outra, co reforzo dos Equipos Acceder ao introducir neles a figura do prospector laboral, que en Galicia se carecía dela, grazas ás subvencións obtidas para a súa contratación no marco do Proxecto de Cooperación 2006-2007 para a contratación de Axentes de Emprego (1 en Lugo) e o Proxecto de Cooperación 2006-2007 para a contratación de persoas desempregadas –antigo Programa Labora dentro do cal tamén contratamos no 2005, 1 persoa desempregada para Lugo- (1 en Vigo e 1 en Santiago de Compostela) dependentes igualmente da citada consellería a través da súa Dirección Xeral de Promoción do Emprego. Contamos tamén neste eido co convenio de colaboración firmado con Caixa Galicia a través da súa Obra Social para o desenrolo do Programa Butipen Savorença nas cidades de Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Lugo.

● **Curso de Cociña (Vigo).** O perfil de mulleres participantes é o dunha muller que se atopa afastada dos entornos laborais e formativos, con dificultades para conciliar a vida laboral e familiar e que, para o



acceso ao emprego por conta allea, precisan dun proceso formativo que lles permita aumentar a súa capacidade de inserción laboral. O curso conecta directamente coas demandas expresadas polas destinatarias constituíndo así unha fonte de motivación, estimulando a reflexión sobre as súas propias dificultades e adquirindo capacidades que favorezan a incorporación ao mundo laboral. A nosa pretensión foi que o curso supuxese o inicio da construción do seu propio itinerario de inserción laboral no que as mulleres fosen as protagonistas do seu propio proceso, converténdose nunha ferramenta para fomentar a igualdade de oportunidades de xénero.

● **Curso de condutor de carretillas elevadoras (Lugo).** Segundo os datos sobre o tecido empresarial da cidade facilitados pola Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Ceao (levamos a cabo coa súa colaboración o Estudo Prospectivo do Mercado Laboral de Baixa Cualificación do Polígono Industrial do Ceao), un dos sectores que demanda máis man de obra dentro da baixa cualificación é o do almacenaxe, especialmente o perfil de mozo de almacén, sendo dende o 2003 o carné

de Manipulador de carretillas elevadoras imprescindible para acceder ao posto. O noso obxectivo foi capacitar a xóvenes xitanos, un dos colectivos con especiais dificultades á hora de acceder ao emprego, de xeito que poidan acceder ao mercado laboral en igualdade de oportunidades. Foi impartido por unha empresa especializada en formación de carrretilleiros (Galman Lugo) e constou de 40 horas teórico-prácticas. Todos os participantes obtiveron o certificado de asistencia e o carné de manipulador de carretilla.

● **Curso de Azafatas (Santiago de Compostela).** A necesidade de traballar dende a perspectiva de xénero o acceso ao traballo por conta allea levounos a ofertar unha acción que proporcionase coñecementos teóricos e prácticos para traballar como azafatas de congresos e/ou relacións públicas. A totalidade das participantes acadaron rematar a formación, e delas, 6, realizaron prácticas laborais remuneradas.

Dentro deste apartado dedicado á formación propia debemos tamén sinalar como accións levadas a cabo:

● **Accións de avaliación e acreditación de competencias profesionais.** Unha liña estratéxica fundamental do noso traballo é a construción de itinerarios que permitan a avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.

Este proceso está baseado na acreditación das aprendizaxes adquiridas por vías formais, pero tamén por vías non formais (informais); a longo prazo a certificación e a cualificación

profesional situará aos nosos usuarios nunha posición competitiva para acadar autonomía permanente no mercado de traballo.

As accións promovidas no presente ano traducíronse nuns resultados que cobran unha especial relevancia na construción de sinerxías positivas dentro da poboación gitana.

No ano 2006 á convocatoria da Consellería de Educación das probas libres para acadar o título de Técnico e Técnico Superior de Formación Profesional presentáronse dous usuarios de Vigo, tendo como resultado a consecución do título profesional de Técnico en Acabados de construción nun caso, e no outro superando as probas no 50% das unidades de competencia do ciclo Técnico en Atención Sociosanitaria (situación semellante á de Santiago de Compostela dende onde se presentou unha usuaria ás probas deste mesmo ciclo).

Por outra banda resaltar tamén a concesión dun certificado de profesionalidade en Albanel a través do recoñecemento dos aprendizaxes adquiridos a través da experiencia profesional por parte da Consellería de Traballo.

Seguindo nesta liña de traballo estamos a elaborar unha guía adaptada á poboación gitana para obter o certificado de profesionalidade de Dependente de Comercio, esta guía poderá ser utilizada en accións de formación para o emprego ou nos futuros Programas de Cualificación Profesional Inicial.

● **Seguimento Escolar na ESO (Vigo).** A actividade de Seguimento Escolar de alumnado gitano que cursa ESO ou niveis superiores, ten por obxecto favorecer o éxito escolar e a cualificación dos xitanos previo



á súa incorporación a outras actividades do Programa de Emprego Acceder.

Como obxectivos desta actividade, destacamos normalizar e promover a continuidade do alumnado xitano no Ensino Obrigatorio; facilitar e promover a adquisición de hábitos, rutinas e normas escolares; promover a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos; realizar un diagnóstico básico e un seguimento continuado da situación escolar de cada alumn@ nos centros escolares.

As actuacións que se derivan destes obxectivos e que describen as intervencións realizadas son:

- Orientación e realización de seguimento ás familias xitanas sobre todas aquelas cuestións que afectan aos seus fillos. Orientación a docentes ofrecendo pautas de intervención con este alumnado.
- Realización de seguimento/intervención na área socioeducativa dos alumnos xitanos: asistencia aos centros educativos, evolución do seu ritmo de aprendizaxe,...
- Información e xestión de matrículas en centros educativos, de solicitudes de novas prazas, de cambios de centro con Inspección de Educación e sobre outros recursos relacionados con Educación Intercultural.
- Avaliación e resolución da situación socioeducativa de cada alumno. Mediación Escolar. Establecemento de comunicación constante e fluída con centros educativos e familias, exercendo de mediadora entrambos.
- Realización de seguimento de alumnos en centros especiais: centros de educación especial, formación profesional e escola universitaria.
- Elaboración de informes de intervención/seguimento para a transmisión e/ou

recompilación de información sobre as distintas familias, actualización dos seus expedientes e documentación para Inspección de Educación.

## **B. DERIVACIÓN A RECURSOS FORMATIVOS EXTERNOS**

Estando identificada a formación laboral dos nosos usuari@s como un dos elementos que provoca maior impacto de cara á súa inserción no mercado laboral normalizado non sempre é posible, nin pertinente, pór en marcha pola nosa conta ás accións formativas necesarias, tendo que recorrer nestes casos á formación que ofertan outros recursos comunitarios. Durante o ano 2006 un total de 55 persoas foron derivadas a formación externa para o desenvolvemento de accións formativas que forman parte da planificación do seu itinerario individualizado. Destas 55 persoas, algo máis da metade, un 56% son homes fronte a un 44% de mulleres. O 80% dos participantes están en cursos de formación ocupacional.

O seguimento destes usuari@s faise conxuntamente entre o seu orientador laboral, responsable da planificación e do seguimento do itinerario na FSG, e o responsable da acción formativa á que está asistindo.

## **ACCIONES DE EMPREGO**


Durante o ano 2006 un total de 356 usuari@s contaron cun contrato laboral, contabilizando os que continuaban co contrato firmado durante o anterior e os 293 contratos firmados durante este ano.

Do total dos 293 contratos firmados, o 62% correspóndense a homes e o 38% a mulleres, o que evidencia polo que respecta ao acceso ao


emprego as diferenzas entre homes e mulleres se acentúan respecto da súa participación como usuarios/as no Programa Acceder, se ben, se evidencia a disposición da muller xitana a desenrolar as súas capacidades e potencialidades laborais e a necesidade manifesta de poder contar con un instrumento adecuado que as achegue ao mercado laboral e as axude a compatibilizar as súas responsabilidades familiares coa necesidade de buscar saídas laborais no mercado normalizado.

Polo que respecta a xitanos e non xitanos usuarios do programa, o 64% pertencen á comunidade xitana fronte a un 36% de non xitanos.



### CONTRATOS CONSEGUIDOS EN EL 2006. GÉNERO Y ÉTNIA POR LOCALIDAD



### USUARIOS Y CONTRATOS DEL PROG. ACCEDER



### CONTRATOS PROG. ACCEDER 2006 EDAD



# Outros programas específicos

Referímonos neste apartado, a proxectos aos que xa se aludiu con anterioridade, pero dos que pola súa importancia para o desenvolvemento do Programa Acceder cómpre facer unha breve reseña.

## PROXECTO BUTIPEN SAVORENÇA (“TRABALLO PARA TODOS”)



Despois de cinco anos de execución do Programa Operativo Acceder, comeza a perfilarse a necesidade de diferenciar as actuacións a realizar no ámbito do emprego. Concretamente, sigue existindo a necesidade de dar un acceso básico á comunidade xitana ao ámbito do emprego. Pero tamén a necesidade de ofrecer unha formación de calidade, que contribúa ao desenvolvemento das competencias profesionais máis demandadas polo mercado de traballo, e a necesidade de ofrecer pasarelas ao emprego que permita na inserción laboral (contratacións superiores aos seis meses de duración).

Para cubrir esa necesidade emerxente e dotar de maior calidade á acción do Programa Acceder no ámbito do emprego xurde o proxecto Butipen Savorença. O proxecto consiste en seleccionar ás cen persoas do programa Acceder cun perfil de empregabilidade máis elevado, e realizar con elas un itinerario personalizado de inserción laboral, incidindo na formación

e axustando o seu perfil aos detectados nas accións de prospección e nos estudos de mercado de baixa cualificación.

Co Patrocinio da Obra Social de CaixaGalicia, a través dun convenio subscrito no marco da 1ª Convocatoria de Proxectos Sociais, desenvolveuse a primeira fase deste proxecto cuns resultados moi esperanzadores.

Durante o ano 2006 realizouse formación con 43 persoas. Ademais, conseguíronse 133 contratos laborais, dos que 91 tiveron unha duración inferior a tres meses, 17 tiveron duracións entre tres e seis meses; os 25 restantes tiveron unha duración superior aos seis meses (un 25% do total de usuarios/as tiveron contratos desta natureza; as persoas con varias contratacións conseguen menor calidade no emprego, pero igualmente unha aceptable permanencia no mercado de traballo). Trátase de cifras moi elevada, se pensamos que os programas experimentais en materia de emprego piden entre un 25% (programas para usuarios de RAI) e un 30% (programas para desempregados perceptores de subsidios de desemprego) nun ano de duración, mentres que estamos avaliando un proxecto con tres meses de percorrido.

O proxecto terá continuación durante o primeiro semestre do ano 2007, confiando superar as expectativas iniciais de inserción laboral.

## **PROXECTO DE COOPERACIÓN 2006-2007 PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO**

Este proxecto permitiunos contratar 1 axente de emprego para o dispositivo de Lugo, tendo como finalidade esta contratación a implantación de políticas activas de emprego. Concretamente, unha das principais funcións dos axentes de emprego é xestionar axudas para favorecer o emprego naqueles colectivos con especiais dificultade á hora de conseguir emprego. Desenvolveu o seu traballo no equipo Acceder co principal obxectivo do acceso á formación e ao emprego centráronse en dous aspectos:

- Facilitar a inserción laboral das persoas xitanas demandantes de emprego, en especial dos usuari@s de políticas activas de emprego, identificando as necesidades de persoal das empresas.
- Observación estratéxica do territorio para detectar as necesidades de formación da poboación desempregada.

No marco deste proxecto desenvolvéronse as actuacións de colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), reforzouse a prospección do mercado de traballo e fixéronse contactos para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) de Lugo.

## **PROXECTO DE COOPERACIÓN 2006-2007 PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS OU SERVIZOS DE INTERESE XERAL E SOCIAL**

A través deste proxecto contratamos unha persoa en Santiago de Compostela e outra en Vigo, ambas desenrolando funcións propias da figura do prospector laboral que se traducen na realización de tarefas que nos leven a coñecer as necesidades de man de obra existentes no mercado de traballo e as posibilidades de axuste das persoas xitanas aos perfís de competencias que o mercado laboral reclama. A incorporación destas dúas persoas aos equipos Acceder produciuse tamén a finais de ano polo que tampouco resulta nestes momentos pertinente unha valoración do traballo realizado.



# Acción social

No plano da inclusión social, a universalización das políticas de benestar significaron, en xeral, unha mellora nas condicións de vida das persoas xitanas; nembargantes, no terreo das medidas activas para acadar a igualdade de oportunidades aínda queda moito por facer para resolver definitivamente a inclusión da comunidade xitana na nosa sociedade.

O desenrrolo de programas integrais de inclusión (Programas ISBT, de Intervención Social de Base Territorial) parte da constatación de que as necesidades complexas da comunidade xitana deben ter respostas globais que contemplen a súa promoción no entorno comunitario onde viven. Este modelo de traballo dá como resultado unha abordaxe da situación máis realista, un maior impacto na calidade de vida das persoas xitanas e facilita unha maior participación destas no seu propio proceso de mellora.

En maior ou menor grao e con máis ou menos recursos (especialmente os humanos) en todos os dispositivos do noso territorio se desenvolven accións básicas no eido da atención social que teñen como finalidade dar resposta ás persoas xitanas que realicen demandas ou plantexen necesidades, derivándoas e acompañándoas cando sexa necesario ós servizos normalizalos así como instruíndoas no uso adecuado dos mesmos. Nos catro dispositivos da nosa comunidade existe a figura do Técnico de Intervención Social, que é o profesional encargado de levar a cabo este tipo de tarefas e que ten como principal obxectivo garantir o

acceso á información da poboación xitana que asegure o exercicio dos seus dereitos (e deberes) como cidadán.

No eido dos programas ISBT, o dispositivo de Vigo está a traballar en rede cos Servizos Sociais de Atención Primaria, sendo o único dispositivo que conta con un equipo de traballo de Acción Social gracias ó convenio firmado co concello para o desenvolvemento de accións específicas coa poboación xitana:

- **Programa ABILLELAR de Atención Básica e Intervención Familiar.** O número total de persoas obxecto da intervención do programa no Concello de Vigo é de 1056 das que gran parte se atopan nunha situación de precariedade social xeralizada.

O traballo realizado corresponde en todo momento a criterios de desenvolvemento, capacitación e responsabilización dos usuarios. Realízase mediante a atención individualizada da demanda feita polas personas que se acercan ó noso servizo buscando axuda, así como a partir de necesidades detectadas polo equipo (diagnóstico social e plan de intervención).

A intervención realízase a través da atención directa (visitas domiciliarias, entrevistas en despacho, acompañamentos e xestións telefónicas) e indirecta (coordinación interna, coas unidades de Atención Primaria de Servizos Sociais municipais e con outros recursos da cidade).

## Informe de actividades 2006

A andadura deste programa iniciouse durante o ano 2005 e ó longo do 2006 foise consolidado fronte, por un lado, ós financiadores e ós outros recursos comunitarios existentes e, polo outro, fronte ós propios usuarios.

Obtívose un diagnóstico xeral da situación social da poboación xitana empadroada no concello de Vigo e implantouse un procedemento de traballo baseado no desenvolvemento de plans de intervención con 29 unidades familiares, con un promedio dun 18,5% de mellora, que destaca sobor de todo nas áreas de saúde, entorno social-familiar e manexo da economía doméstica.

Mención especial merece tamén o deseño e seguemento dos plans de intervención familiar que obrigatoriamente se deben desenrollar coas familias perceptoras das Axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu entorno que anualmente se convocan na nosa comunidade e para o seguimento das cales traballamos en coordinación co Equipo de Menores da Xunta de Galicia de referencia na cidade de Vigo.

PROXECTO	POBOACION OBXECTO	Nº BENEFICIARIOS	LOCALIDADE
Programa Abillelar, de atención básica e intervención familiar	Familias gitanas y ciganas residentes en el término municipal de Vigo en situación de precariedad social.	1.056 persoas	Vigo
Accións de información e orientación.	Comunidade xitana en xeral.		Vigo, Pontevedra, Lugo, Santiago de Compostela
Accións de seguimento.	Familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores a cargo no seu entorno.	17 familias con plan de intervención familiar	Vigo

# Educación

A educación é un eixo básico no desenvolvemento das persoas e un dos elementos favorecedores da inclusión social e a igualdade de oportunidades. Na actualidade as familias xitanas son cada vez máis conscentes da importancia da educación para acadar o desenvolvemento pleno de todas aquelas capacidades que lles posibiliten a súa promoción persoal e social a tódolos niveis.

A normalización educativa do alumnad@ xitan@ en primaria está acadándose progresivamente, aínda que todavía son moitos os aspectos que deben mellorarse como o absentismo ou o abandono prematuro da educación obligatoria, .... Resulta crucial para seguir mellorando a capacitación dos profesionais da educación que traballan con alumnad@ xitano dentro e/ou fora dos centros educativos así como a necesidade de medidas que potencien e reforcen a participación das familias xitanas no sistema educativo formal. Aspectos todos eles que se recollen na investigación que a FSG levou a cabo durante o ano 2005 e que foi publicada no 2006 polo

Instituto da Muller, Incorporación y trayectoria de niñas gitanas en la E.S.O, investigación levada a cabo sobre o alumnad@ xitano en xeral.

Asímesmo, as persoas adultas xitanas veñen sentindo a necesidade, cada día máis notoria, de salvar unha das súas principais desventaxas: a carencia dunha formación académica, á que se engade a dificultade que teñen para acceder ós recursos educativos oficiais disponibles.

No eido da educación, dividimos as accións que levamos a cabo nas seguintes áreas de actuación:

## ACCIONES CO ALUMNADO XITANO:

- **Escola de verán (Vigo).** Espacio adicado á educación non formal como actividade plantexada como remate das actividades da educación formal para aqueles nenos e nenas nos que se valoraron como positivos os resultados acadados durante todo o curso escolar.



● **Programa de seguimento escolar 2006/07:**

● **Pontevedra.** Este programa xurdiu como demanda da Área de Benestar Social e Educación do concello de Pontevedra pola necesidade de tratar o problema do absentismo escolar na comunidade xitana. A intervención baseouse no desenrrolo de accións de mediación e acompañamento familiar orientadas a garantir a escolarización en casos concretos derivados do Servicio de Atención Primaria do concello en procesos de intervención familiar por absentismo escolar, así como a transmisión de información en relación coa organización e o funcionamento dos centros e do sistema educativo. Desenvólvense ademáis acutacións de mediación escolar nos colexios onde estudan os alumnos xitanos, para tentar adecuar a resposta educativa a este alumnado en situación de desventaxa nas distintas etapas educativas. O programa completouse con un taller lúdico-educativo. Os resultados en canto á tasa de absentismo dende o curso escolar 2004/05, ano en que comenzou este programa, reduciúse progresivamente ata o presente curso 2006/07, se ben, hai que seguir traballando nesta liña.

● **Lugo.** A súa finalidade é acadar que aqueles nenos/as que por distintas circunstancias se atopan nun desfase dentro do sistema educativo ou ben que necesiten dun apoio puntual nos seus estudos, teñan ó seu alcance un recurso para compensar estas posibles carencias.

● **Programa de compensación educativa “Chanelar” (Lugo).**

O programa está articulado para o desenrrolo de servizos complementarios en horario non lectivo dirixidos a apoiar a estruturación do tempo extraescolar con actividades de contido educativo, para facilitar de maneira coordinada cos centros docentes unha continuidade das accións de compensación educativa desenrrolados por éstos. A realización



destas actividades facilitou o traballo de aspectos importantes á hora de mellorar a convivencia escolar nun clima intercultural e de apoio mútuo.

**ACCIÓNS COS PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN:**

● **Asistencia técnica ó Concello do Porriño (Vigo).** O obxectivo desta asistencia foi asesorar ó centro educativo C.P.I. Ribeira (ubicado nunha zona de vivendas sociais que conta cun 15% de alumnado xitano, isto é, máis de 70 nenos/as) para seguir adecuando o seu proxecto de centro ás necesidades de cercanía coas familias xitanas, acadándose un acercamento progresivo destas consecuencia desa adecuación. Paralelamente puxéronse tamén en marcha actividades extraescolares para o conxunto dos alumnos do centro, actividades moi arraigadas na cultura xitana: baile e caixón flamenco.

**ACCIÓNS COAS FAMILIAS:**

● **Accións de mediación: información e acompañamento (Vigo).** Dentro das accións dirixidas a normalizar o proceso educativo da comunidade xitana, dende o eido da educación social traballamos na mediación coas familias xitanas para a matriculación escolar e a incorporación á escola nos prazos xerais establecidos así como para a solicitude e o cobro das axudas municipais escolares.



● **Accións coas persoas xitanas adultas.** Por diferentes causas, hai unha importante parte da poboación xitana adulta que se atopa en situación de analfabetismo funcional ou de abandono prematuro da escolarización obrigatoria. Na actualidade estas persoas senten a necesidade de formarse para poder participar en igualdade de oportunidades na sociedade. É por elo, que se puxeron en marcha os seguintes proxectos/accións no eido da educación de adultos que están pensados conforme un itinerario formativo que pode seguir a persoa xa que unha vez superados os obxectivos fixados para cada nivel irá pasando de grupo e asumindo novos retos e contidos:

Vigo:	Lugo:
Proxecto de Educación de Adultos: Nivel I (Alfabetización) Nivel II (Pregraduado) Nivel III (Graduado en E.S.A.) Acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio	Alfabetización de Adultos: Nivel I (Alfabetización) Nivel III (Graduado en E.S.A.) Acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio



Os persoas adultas participantes adquiriron novos coñecimentos que lles permiten desenvolver as súas capacidades de participación social, mellora da súa cualificación profesional e/ou a adquisición dunha preparación para o exercicio de outras actividades mellorando a súa calidade de vida.

PROXECTO	POBOACION OBXECTO	Nº BENEFICIARIOS	LOCALIDADE
Asistencia técnica Concello O Porriño	Persoal docente, familias e alumnos do centro educativo.	750 (14 alumnas en actividades)	O Porriño (Vigo)
E. Adultos	Poboación xitana adulta de Vigo, considerada en termos amplos: homes e mulleres xitanos que non accderon á educación e xóvenes xitanos e xitanas que non remataron a educación básica.	32	Vigo
Escola de verán	Nen@s e xóvenes xitan@s.	10	Vigo
Accións de mediación: información e acompañamento: - Para a reserva de prazas en centros escolares para o curso 2006/07 - Para a solicitude de axudas municipais escolares - Para a incorporación escolar e información para o cobro de axudas municipais	Familias xitanas e ciganas residentes no termo municipal de Vigo.	1.056	Vigo
Compensación educativa Chanelar	Escolares xitan@s	22	Pontevedra
Seguimento escolar 2006/07	Escolares xitan@s	110	
Progr. de Educación de Personas Adultas	Hombres y Mujeres Gitanas	19	Lugo
Programa de seguimento escolar 2006-2007	Niños gitanos con necesidades Educativas	5	

# Muller

A muller xitana galega está a manifestar o seu desexo de participación noutros ámbitos máis alá do doméstico e familiar, pero a participación social das mulleres xitanas continúa a pasar primeiramente pola adquisición das competencias necesarias que a leven á superación das situacións de desigualdade que está vivindo.

Este proceso de mellora ha estar en consonancia coa súa pertenza a unha cultura. Se seguimos a facer compatible a conservación do seu rol social tradicional coas súas necesidades de participación social, dende a comprensión dos seus valores e o respecto á súa propia cultura será posible reforzar o camiño de reflexión individual e persoal que dé lugar ó proceso de cambio xa iniciado pola muller xitana e ó que hai que seguir dándolle pulo.

A estratexia de acción que dende Galicia puxemos en marcha ten como finalidade continua-lo proceso de toma de decisións xa iniciado no pasado 2005 coa colaboración do Servicio Galego de Igualdade (SGI) e que permite elaborar para cada unha das participante un plan de mellora e de desenvolvemento persoal que facilite e reforce a toma de decisión da muller xitana pola decisión persoal tomada. Trátase, ademáis, de capacitar á muller como axente de cambio que sirva de modelo de referencia dentro da comunidade xitana.

As actividades postas en marcha durante o 2006 que deron continuidade ó traballo iniciado no ano anterior foron:

- **Programa para o desenvolvemento das competencias sociais da muller xitana:**

- **Vigo:** Obradoiro de cociña e saúde.

A súa planificación respondeu ás



demandas expresadas polas propias mulleres polo que se erixiu nunha fonte de motivación e de estímulo á reflexión sobre as propias dificultades que a muller xitana atopa no camiño da igualdade de oportunidades, especialmente na incorporación ó mundo laboral.

- **Pontevedra:** Obradoiro de motivación para a participación social e o fomento da responsabilidade educativa. Xurdíu da necesidade de traballar coas nais o tema da alta taxa de absentismo escolar que se dá entre a comunidade xitana da cidade. Levouse a cabo unha actividade de información, formación e desenrolo persoal que fomentase actitudes de corresponsabilidade sobre o medio familiar, especialmente sobre a normalización educativa dos fillos e, ó mesmo tempo, favorecese un proceso de toma de decisións que levase a cada unha das mulleres participantes a definir un plan de mellora e desenvolvemento



persoal e social, no que ocupase un lugar importante a súa participación activa no mercado laboral.

● **Lugo:**

– *Obradoiro de mellora da imaxe persoal: Perruquería e autoestima.* Nesta cidade a muller xitana está xa a demandar un maior protagonismo e unha maior liberdade e independencia do eido familiar, está a manifestar o seu desexo de participación noutros eidos onde poder desenvolver as súas capacidades e adquirir novos coñecimentos. Neste caso, e tamén por demanda expresa das propias mulleres, o proceso de desenvolvemento persoal veuse reforzado pola adquisición de coñecementos básicos de perruquería complementados con dinámicas que favoreceron a súa

implicación e participación social fóra de eido familiar, e especialmente, no do acceso ó mercado laboral normalizado.

– *Obradoiro de hábitos de vida saudable.*

A pretensión coa organización desta acción foi dar un paso máis alá no proceso de desenvolvemento persoal da muller xitana, polo que foi planificada como unha acción prelaboral orientada hacia un proceso posterior de inserción laboral, concretamente hacia o sector da hostelería, se ben, o obxectivo soterrado era o da mellora na calidade de vida da familia xitana no que se refire á adquisición de hábitos saudables.

As destinatarias do programa de muller foron en tódolos dispositivos mulleres xitanas, especialmente mozas e adultas novas, inmersas nun proceso de evolución e cambio, tanto da cultura e da sociedade maioritaria como da propia comunidade de pertenza e da propia cultura, característica común ademáis a todas elas era o de ser muller xitana con cargas familiares polo que paralelamente ó desenrrolo destes obradoiros tamén se puxeron en marcha:

● **Actividades de conciliación da vida laboral/formativa e familiar,** concretamente

nos dispositivos de Pontevedra e Lugo. Os obradoiros nos que participabann os nenos e nenas mentras as súas nais estaban participando en outras actividades foron desenvoltos por persoal formado no eido da infancia e do ocio e tempo libre. Os nenos/as aprenderon novos xogos e actividades, a xogar en equipo e a compartir así como a disfrutar dun espazo común para todos.

PROXECTO	POBOACION OBXECTO	Nº DE PARTICIPANTES	LOCALIDADE
Programa para o desenvolvemento das competencias sociais da muller xitana.	Mulleres xitanas xóvenes e con cargas familiares.	71	Vigo, Pontevedra e Lugo.
Actividades de conciliación da vida laboral/formativa e familiar.	Menores que son fillos/as das mulleres participantes nos obradoiros.	32	Pontevedra e Lugo

# Saúde

A pirámide poboacional da comunidade xitana de Galicia segue presentando una ampla base de poboación xoven (aprox. o 50% é menor de idade) e na que atopamos un importante número de menores en situación de desvantaxe social que manifestan carencias educativas e formativas acompañadas de desmotivación, prácticas pouco saudables, así como dificultades no manexo de habilidades sociais e de relación.

Algunhos factores explicativos desta situación podémolos atopar, por unha banda, en que a adolescencia na comunidade xitana comenza e acaba a edades moi precoces (vai aproximadamente dos 11 ós 15 anos) polo que as condutas de risco practicadas polos adultos empezan a ser practicadas dende idades moi novas entre os adolescentes xitanos; por outra, en que se están a detectar novas problemáticas entre as que se atopa o acceso ás drogas ilegais que empezan a extenderse entre a poboación adolescente, (estando xa o consumo de drogas legais bastante extendido) e, por último, en que a esperanza de vida é menor nas persoas xitanas, en gran parte debido ás carencias de hábitos e condutas saudables e potenciada pola falta de información e comprensión da importancia da saúde na nosa vida

Todas estas condicións de desvantaxe social teñen como consecuencia que os adolescentes xitanos vivan situacións de maior vulnerabilidade social que fai necesarias intervencións específicas que doten ós menores das estratexias e das habilidades necesarias para afrontar, de forma saudable, as distintas fases do seu crecemento bio-psico-social, de cara ó desenvolvemento na vida adulta.

Os proxectos que desenvolvemos cos adolescentes xitanos teñen como obxectivos:

- Adquirir hábitos saudables;
- Adquirir criterios e recursos persoais que lles permitan tomar decisións contrarias ó consumo de drogas.
- Fomentar o espírito crítico nos nenos que lles posibilite enfrentarse a situacións conflictivas;
- Fomentar a motivación hacia a formación académica;
- Adquirir habilidades persoais que lles axuden a mellorar as súas relacións interpersoais.

Dende esta óptica, os proxectos no eido da saúde que se desenvolveron durante o 2006 son:

- **Programa Kamelamos Guinar** (Santiago de Compostela). Desenvólvese no entorno comunitario no que viven os adolescentes xitanos en risco de exclusión e con especial atención ós posibles escenarios de consumo, reforzando a intervención a través do apoio e a participación nas accións que desenvolve o tecido socioeducativo do barrio de Fontiñas.

Abórdase o espazo de lecer e tempo libre para realizar a prevención dun modo integral creando actividades de aprendizaxe en función da demanda, preferencia e realidade do colectivo. A música flamenca é empregada como vehículo de expresión da propia prevención e daqueles valores culturais máis positivos.

É unha liña de traballo no eido, prioritariamente, da prevención secundaria moi dinámica e permeable que permite incorporar

diferentes contidos segundo a problemática que surda ou a realidade do grupo.

O diálogo e a colaboración coas entidades do contorno comunitario a través do tecido socio-educativo creado grazas á coordinación establecida, fai que o proxecto adquira outra dimensión na que se implican os diferentes axentes sociais.

Finalmente elaborouse e editouse un DVD de comunicación tanto da metodoloxía como dos resultados acadados con este programa co obxectivo de distribuílo entre os técnicos que traballan no eido da prevención das drogodependencias.

● **Proxecto Acais** (Vigo). Durante o ano 2006, comenzouse a traballar dende este dispositivo o tema da saúde e a prevención nos adolescentes xitanos xa que se comenzaba a detectar, en canto grupo, as mesmas situacións de vulnerabilidade social que nos adolescentes xitanos residentes no barrio de Fontiñas.

A metodoloxía e os obxectivos a acadar con este proxecto son os mesmos que os do Kamelamos Guinar de Santiago de Compostela, se ben a intervención no eido comunitario non se ciñe

a un barrio específico da cidade e as actividades lévanse a cabo dende a óptica do ocio e do tempo libre podendo falar, se nos ceñimos en exclusiva á comunidade xitana, dunha liña de acción de prevención primaria posto que a idade da poboación diana é sensiblemente menor á de Compostela onde se traballa máis directamente con grupos identificados como “en risco social”.

● **Noites Flamencas** (Pontevedra). Esta actividade forma parte da VII Edición do programa municipal Noites Abertas, enmarcado dentro do Plan Nacional sobre Drogas, dentro da área de prevención primaria, e que ten por obxectivo propiciar espazos lúdico-educativos e de encontro entre mozos/as a través da posta en marcha de actividades de lecer e tempo libre. O programa caracterízase por desenvolver unha metodoloxía participativa en canto á súa planificación, colaborando este ano un total de 31 entidades que traballan coa poboación xoven, cada un dende o seu ámbito de actuación, e entre as cales nos atopamos, este ano participamos co desenvolvemento das actividades de guitarra, percusión e cante flamenco, convertíndose tamén esta actividade nun instrumento de sensibilización social e de difusión da cultura xitana.

PROXECTO	POBLACION OBXECTO	Nº DE BENEFICIARIOS	LOCALIDADES
Proxecto Kamelamos Guinar	Xóvenes xitanos e non xitanos do barrio Fontiñas.	45	Santiago de Compostela
Proxecto Acais	Nenos/as e xóvenes xitanos.	35	Vigo
Noites Flamencas	Xóvenes, en xeral	40	Pontevedra

# Vivenda

A vivenda é unha necesidade social de primeiro orden e, como tal, un dos dereitos fundamentais das persoas.

En Galicia persisten illados núcleos de chabolismo e de infravivenda nos que o deterioro e a degradación que sobren as vivendas e o entorno no que estas se ubican fan desta cuestión unha das máis prioritarias a traballar en canto se trata dun instrumento que garanta a promoción da comunidade xitana.

Por outra banda, a ausencia de políticas sostidas e integrais así como a adversa evolución do mercado inmobiliario fai que estemos a detectar que incluso en aquelas situacións nos que xa se produciran avances se esté a dar o regreso a entornos de vivenda degradados, reaparecendo, alí en donde o chabolismo xa se consideraba erradicado o seu rebrote, a ocupación de vivendas, ... rompendo os todavía fráxiles procesos de integración e convivencia que estabamos a vivir nesta comunidade.

Dentro deste eido, a FSG puxo en marcha durante o ano 2006 os seguintes proxectos:

● **Asistencia técnica Vivenda.** Durante moitas décadas, foi patente a clara desvantaxe social da comunidade xitana de Galicia en relación coas situacións máis plurais existentes no resto do Estado. Un deficiente acceso á vivenda e a xeneralización do chabolismo foron fenómenos habituais entre nós, configurando unha auténtica situación de “exclusión residencial”.

As investigacións sociais da FSG, pero sobre todo as realizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Chavós para a Consellería de Familia (Os xitanos en Galicia 1990; e Os xitanos en Galicia 1990-2000) reflicten a un tempo unha mellora substantiva das

condicións de acceso da poboación xitana, pero tamén a continuidade da evidente desvantaxe respecto da poboación maioritaria, e tamén das poboacións xitanas do resto do Estado Español.

Actualmente podemos estimar o diferencial de acceso á vivenda normalizada entre un 10% e 12% (significando a infravivenda e o chabolismo entre un 18% e un 20%, elevándose a máis 30% aproximadamente na nosa comunidade).

A descrición das condicións de vida da poboación chabolista e unha cuatificación actualizada da mesma constitúen a achega desta asistencia técnica que pretende sentar as bases para o establecemento de medidas de acción positiva para un acceso normalizado á vivenda para a poboación xitana de Galicia.

● **Accións para a Erradicación do Chabolismo (Vigo).** O problema de infravivenda que sofre a absoluta totalidade da comunidade cigana (xitanos portugueses) e unha parte dos xitanos que residen en Vigo constitúe un dos maiores handicaps no camiño da inclusión social.

A petición do Concello de Vigo realizose un censo de chabolismo para concurrir á convocatoria anual do Plan de Erradicación do chabolismo da Xunta de Galicia, incluíndose nel un total de 47 unidades familiares.

O censo consta dun estudo técnico sobre o estado e situación das vivendas, realizado por dous peritos contratados polo concello e ós cales fixemos un acompañamento na realización de todo o traballo de campo xunto con un estudo social e demográfico das familias así como dos asentamentos.



● **Proxecto de Aloxamento Transitorio das Familias de Pau de Navia (Vigo).** En Novembro do anterior 2005, un total de sete familias foron desaloxadas dunha vivenda situada en Pau de Navia, barrio de nova creación por expansión da cidade, quedándose a residir na acera contigua á parcela.

Por unha parte, estas familias estaban nunha situación de precariedade económica, por outra atopaban a dificultade de acceder a recursos normalizados como hostais ou vivendas en alquiler polo feito de ser xitanos e, por outra, precisaban de adquirir previamente habilidades para a convivencia nunha vivenda en altura.

Iniciamos un proxecto de realoxo transitorio que culmina co acompañamento ás familias na súa incorporación a vivendas normalizadas en réxime de aluguer.

Con cada unha destas familias firmouse un acordo de incorporación sociolaboral, que incorporaba o compromiso da familia tanto para o cumprimento dos seus deberes como cidadáns como para a súa

implicación en proxectos individuais de adquisición de habilidades persoais e relacionais que facilitasen a convivencia da familia en comunidade de veciños.

Finalizando o 2006, iníciase o proceso de realoxo definitivo a través da incorporación de estas familias a recursos normalizados no eido da vivenda como a Bolsa de Aluguer e/ou o acceso a Vivendas de Protección Pública.

Todo o proceso apunta a unha solución definitiva e de sostemento autónomo progresivo por parte destas sete familias.

● **Proxecto de Realoxo no Poboado de O Bao (Poio-Pontevedra).**

Participamos no proxecto de Orientación, Asesoramento e Integración Social de O Bao iniciado polo Concello de Poio para a realización de actuacións neste poboado para a erradicación do chabolismo e a inclusión social das familias afectadas por situacións de infravivenda, de exclusión residencial e, actualmente, de derrubo xudicial por infracción urbanística ó estaren as súas propiedades afectadas no Bao de Abaixo polo proxecto de construción dun vial (situación que afecta a once familias).

Para cumprir cos obxectivos fixados, colaboramos nas accións institucionais coa posta en marcha dun proxecto de educación familiar para a intervención coas familias en situación de desaloxo levando a cabo un traballo individualizado con cada unha delas co principal obxectivo da sensibilización de cara ó afrontamento do inminente derrubo que se ía producir. O traballo desenvolveuse en todo momento en coordinación directa cos Servizos Sociais de Atención Primaria municipais.

PROXECTO	POBOACIÓN OBXECTO	Nº BENEFICIAIROS	LOCALIDADE
Accións para a erradicación do chabolismo	47 familias (mayoritariamente, ciganas) vivindo en condicións de chabolismo	188	Vigo
Aloxamento transitorio das familias de Pau de Navia	7 familias afectadas polo desaloxo das vivendas sitas na Parcela 10 do Pau de Navia	36	
Realoxo no Poboado do Bao	11 familias pendentes de derrubo judicial por infracción urbanística	44	Poio (Pontevedra)

# Inclusión social

No eido da inclusión social, cabe sinalar el Programa Lachó Drom e a colaboración da FSG-Galicia en el Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano de Galicia y e Seminario “Os Fondos Estructurais 2007-2013. A participación das ONG’s”.

## ● Programa LACHÓ DROM

(Itinerarios Formativos para a Inclusión Social da Comunidade Xitana)

Os fenómenos de exclusión social, como é o caso da comunidade xitana, deben ser necesariamente abordados dende tódolos eidos de actuación: no económico, de vivenda, social, familiar, sanitario, educativo e laboral; sendo un aspecto clave do traballo partir dende una perspectiva global que interrelacione as diferentes áreas e programas.

Por estas razóns, e co fin de acadar una intervención integral que permita unha resposta coordinada nas variables puxemos en marcha este programa co obxectivo de que as persoas xitanas que participen completen un itinerario de inclusión a través de espazos socioformativos compensatorios e de medidas para o acceso ó emprego e ó autoemprego, con actuacións encadradas na Formación Básica, Formación en Habilidades Persoais, Habilidades Prelaborais e Habilidades Laborais.

O deseño destes itinerarios permitirá secuenciar as accións formativas de forma progresiva, adaptada a cada individuo e ó seu ritmo persoal, e evitando o carácter illado, inconexo e, polo tanto, limitado de aquelas actuacións concretas que, en ocasións, tiñan por consecuencia directa o favorecer a cronificación das situacións de precariedade e a repetición de accións sen graos de avance significativos.

O proxecto prevé que, en todo momento, se faga un acompañamento e tutorización dos itinerarios por parte do equipo, de forma que non existan “tempos mortos” no proceso.

Partindo dun enfoque preventivo e de incorporación social, prevese a ampliación dos recursos, programas e servizos existentes inicialmente, así como a creación doutros novos para o traballo polo desenvolvemento das persoas xitanas.

O proxecto desenvolto durante este ano permitiu ubicar a cada usuario/a no lugar do itinerario que, en maior medida, beneficiase o seu proceso de incorporación sociolaboral, sendo un esquema formativo no que o avance non necesariamente se vai a apoiar nun desplazamento lineal senón que, en ocasións, pode supoñer a volta atrás ou o salto entre as distintas accións formativas.

Ata agora, o proxecto vense desenvolvendo coa flexibilidade e a continuidade necesarias, se ben será ó final do curso cando se faga a reflexión última e a revisión do camiño andado, revisando as motivacións e os obxectivos para a continuidade do proxecto persoal de cada usuario/a con garantías de éxito.





● **Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano de Galicia.**

A modificación das condicións de vida dos cidadáns, no horizonte da inclusión social e da plena cidadanía esixe planificación. Cómpre aliñar o que sabemos sobre a situación, os criterios de intervención que compartimos, os obxectivos que nos marcamos, as medidas que propoñemos e a avaliación dos resultados que conseguimos. Por iso, a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar contratou connosco unha asistencia técnica para a redacción deste plan.

Optouse por un Plan Integral porque a exclusión social é multidimensional, daquela, pide unha intervención multidisciplinar; porque os problemas da comunidade xitana non son só de benestar, tamén son de cidadanía e porque non só teñen que modificarse as políticas, senón tamén as actitudes sociais e as da propia comunidade xitana.

- Plan redactouse tomando dous eixes de referencia: O benestar e a cidadanía.
  - Area de Benestar: Servizos Sociais, Saúde, Vivenda, Educación e Emprego e promoción económica
  - Area de Convivencia e cidadanía: Imaxe Social e Discriminación e igualdade de trato.

- Plan inclúe os seguintes Principios Reitores: Integralidade, Normalización, Enfoque intercultural, Implicación da poboación xitana e Corresponsabilidade social.

A redacción do Plan Integral do Pobo Xitano de Galicia pretendía acadar a participación de todos os axentes implicados e confluír nun consenso de planificación, para poder dirixir, dar sentido ás actuacións e para poder medir o impacto das mesmas, co obxecto de corrixilas e melloralas.

- Plan contou coa achega de 24 axentes sociais e Administracións Públicas Locais, ademais da participación dos técnicos da Vicepresidencia.

● **Seminario: Os Fondos Estruturais 2007-2013.** A participación das ONG's.

A realización deste Seminario inscríbese no marco do proxecto “As ONG españolas e a axenda social europea” financiado pola Fundación Un Sol Món e a Fundación Luis Vives, coa colaboración de EAPN e do Fondo Social Europeo. O obxectivo xeral deste proxecto foi achegar os asuntos europeos ás ONG españolas e fomentar a súa participación nos mesmos para o período 2007-2013. En Galicia este proxecto ben apoiado pola Obra Social Caixa Galicia e organizado pola Fundación Secretariado Gitano co obxectivo de informar e formar ás ONG de ámbito social e, eventualmente, a outro tipo de entidades, cunha achega do novo escenario de Fondos Estruturais 2007-2013 e as posibilidades de participación no proceso, así como os retos que se presentan ante o novo período de programación. Participaron 111 directivos e profesionais das ONG de ámbito social que traballan con colectivos desfavorecidos.

A presenza institucional estivo na Consellería de Traballo, representada polo Director Xeral de Traballo, D. Pastor Fuenteseca; pola Vicepresidencia de Igualdade e o Benestar estiveron presentes o Subdirector Xeral de Menores, D. Alberto Tizón e o Subdirector Social de Inclusión, D. Daniel López Muñoz. O relatorio principal, e a dinamización do traballo durante a mañá foi a cargo de D. José Manuel Fresno García, Director Xerente da Fundación Luis Vives. O debate da tarde foi moderado por D. Carlos Susías, Presidente de EAPN-España.

ACCION	POBLACION OBXECTO	Nº PARTICIPANTES	LOCALIDADE
Lacho Drom	Membros da comunidade xitana en risco de exclusión social polo seu deficiente nivel educativo, a dificultade de atopar un traballo, a deficiencia nas habilidades persoais e os problemas de adaptación.	45	Vigo
Plan Integral do Pobo Xitano	Administracións Públicas	24	Santiago de Compostela
Os Fondos Estruturais 2007-2013	Técnicos e Directivos de Organizacións Sociais	111	Santiago de Compostela

# Promoción da cultura xitana

## Promoción da cultura xitana

Amosar a cultura xitana é unha das formas de loita contra os estereotipos existentes sobre esta comunidade, de fomentar a súa presenza positiva nos medios, de acadar a súa incorporación plena e de recoñecemento do feito diferencial.

Dende esta óptica, a FSG en Galicia realiza importantes esforzos para difundir o valor da cultura xitana como:

- Elemento de enriquecemento dentro e fóra da propia comunidade xitana;
- Elemento aglutinador de todos os seus membros que logre que a súa identidade non sea algo temporal determinado por coyunturas económicas e sociais determinadas;
- Elemento de desenvolvemento de todo un pobo con implicacións psicolóxicas, sociais e económicas nas propias persoas xitanas.

O noso traballo no eido da cultura caracterízase por ser un planteamento intercultural co obxectivo de que o pobo xitano coñeza a súa cultura e sea promotor da mesma, que a cultura xitana non perda os seus elementos esenciais e, en conclusión, que a comunidade en xeral, xitana e non xitana, coñeza as raíces das súas características culturais e se enriquezan mutuamente con elas.

Baixo este enfoque, durante o ano 2006, en Galicia desenvolvéronse as seguintes

actividades directamente relacionadas coa promoción da cultura xitana:

### ● **Actos conmemorativos do 8 de Abril, Día Internacional do Pobo Xitano.**

Esta festividade non era celebrada polos xitanos de Galicia ata que a nosa entidade empezou a celebrala de forma progresiva e conforme se iban abrindo os dispositivos de Vigo, Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela. O obxectivo desta celebración é dar a coñecer a cultura xitana dende unha perspectiva diferente á habitual na que o xitano está vinculado habitualmente á exclusión social e á marxinalidade.

Os actos que se desenvolveron en cada unha das localidades consistiron na celebración da Ceremonia do Río na que se lee o Himno Xitano (Gelem Gelem) e a ofrenda de flores e velas no río en recordo dos seus antepasados (acto especialmente emotivo para as familias), para seguir co aspecto máis lúdico da celebración, o xantar e a festa na que todos participamos con xogos, baile, cante e toques de caixón.

● **Exposición “Culturas para Compartir. Gitanos Hoy”.** Durante o ano 2006 fixemos un importante esforzo por introducir a cultura xitana nos colexios, especialmente en aqueles con alumnos/as xitano, con especial atención ó profesorado e alumnado, nun clima de respecto e aceptación da diversidade e

traballando a interculturalidade. As visitas guiadas, e dirixidas por unha persoa xitana, á exposición, colocada nos propios centros educativos, permitíanos facer un percorrido histórico e cultural sobor do pobo xitano no que non nos olvidamos dos xogos e contacontos xitanos.

Esta actividade levouse a cabo nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo. No caso de Lugo, estas visitas complementáronse cos obradoiros interculturais, “Culturas para convivir”, iniciativa municipal no eido da interculturalidade e nos que colaboramos en todo aquilo referido á cultura xitana en coordinación con outras entidades que traballan dende un entorno multicultural.



PROXECTO	POBOACION OBXECTO	Nº PARTICIPANTES	LOCALIDADE
Celebración do 8 de Abril	Persoas xitanas e aberta a tódalas persoas interesadas	220	Vigo, Pontevedra, Lugo e Santiago de C.
Exposición “Culturas para compartir”	Alumnado da ESO	250	Santiago de Compostela
Obradoiros “Culturas para convivir”		193	Lugo



# Voluntariado

O actual contexto social está necesitado dunha acción positiva e concertada entre organizacións sociais, Administracións Públicas e comunidade en xeral, na que se suscite un protagonismo crecente da sociedade civil e onde non só teña lugar a acción positiva senón tamén a convivencia e o encontro interpersoal.

O voluntariado social representa unha oportunidade de reforzar os lazos entre persoas de diferentes culturas e de posibilitar a participación social solidaria das persoas xitanas no novo contexto da construción dunha sociedade de benestar na que a pluralidade cultural se transforme nunha oportunidade de convivencia intercultural.

En Galicia iniciamos formalmente esta andadura coa posta en marcha do programa “Encontro entre persoas: Espazo para convivir” a través do cal potenciamos a participación e a capacitación de persoas xitanas e non xitanas na acción voluntaria para acadar a promoción integral da comunidade gitana dende o respecto da súa identidade cultural:

- Ofrecendo un espazo para a convivencia intercultural, para a loita contra a discriminación e para a inclusión social das minorías;
- Cualificando ás persoas voluntarias da FSG co fin de optimizar o seu desempeño, mellorar a calidade do seu traballo e acadar así mellores resultados nas súas intervencións;
- Promovendo e dinamizando a implicación de persoas xitanas como voluntarias no desenvolvemento da súa propia comunidade e noutras entidades (voluntariado como escola de cidadanía);
- Visibilizando a solidariedade intercultural a través de encontros de intercambio e dunha adecuada comunicación.

Durante este ano, leváronse a cabo as seguintes accións:

● **Vigo.** O equipo de Acción Social estivo a traballar para a consolidación dun marco de acción voluntaria dende a perspectiva da calidade e dende esta perspectiva estivemos inmersos nun proceso de formalización de procedementos que teñen que ver non só co voluntariado senón tamén coa mellora continua da calidade dos servizos ofertados ó persoal voluntario.

Paralelamente puxéronse en marcha accións de sensibilización e captación de voluntariado a través de recursos comunitarios, fundamentalmente do eido formativo como o IES Chapela (Ciclo de Grao Medio de Educación Infantil), o convenio coas Universidades de Vigo e Santiago de Compostela ou o acordo de colaboración co programa municipal de voluntariado. Neste senso participamos na III Asamblea da Rede Solidaria da Mocidade, impulsada pola ONG Entreculturas, celebrada en Vigo e que reuniu a alumn@s de 20 centros educativos da nosa comunidade.

● **Lugo.** Para accións de sensibilización e captación está firmado un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, da que depende o campus de Lugo.

Considerando que unha das formas de recoñecemento do voluntariado máis democráticas e participativas é establecer espazos de encontro en que, fóra das necesidades formativas inmediatas ou da revisión e retroalimentación directa da propia acción, exista a posibilidade de coñecer outras persoas de fóra do propio entorno e que tamén son voluntarios na nosa organización ou noutras similares.



Estatal de Voluntariado, coa mesma perspectiva metodolóxica e de contidos que o autonómico.

Específicamente, elaborouse un vídeo de promoción do Voluntariado. Esta idea partiu do propio voluntariado e do seu compromiso e empeño por levala adiante, o que nos permitiu elaborar un produto moi axeitado para a difusión da cultura da solidariedade e de visibilización da cultura xitana así como de recoñecemento da acción voluntaria que revirta na implicación de xente nova no eido do voluntariado social. Asemade, trátase dunha acción que permite mobilizar novas persoas e recursos, vinculados co mundo da produción e a difusión cultural así como da comunicación social.

Dende esta óptica organizamos o 13 de Maio de 2006 o I Encontro Autonómico “Voluntariado por unha sociedade intercultural”, no que participamos os 4 dispositivos de Galicia co obxectivo de difundir as experiencias de traballo, tanto no nivel individual do voluntario como organizativo. Neste marco tiveron lugar varias exposicións do traballo realizado a través de paneles de experiencias de persoas voluntarias que actualmente están colaborando coa nosa entidade en Galicia ou que colaboraron en algún outro momento. Este espacio ademáis de ser definido como un encontro propiamente dito tamén o foi como espazo de formación do voluntariado no eido da interculturalidade.

● **Santiago de Compostela.** Ademáis de participar no encontro autonómico de voluntariado, en 2006 organizamos nesta cidade o Encontro

A realización dun vídeo destas características en Galicia, tendo en conta que hai feito xa un a nivel estatal, permitiúnos actualizar os contidos e os ámbitos da acción voluntaria actual, vincular os modelos de acción voluntaria co noso país (vídeo feito en escenarios galegos e utilizando o noso idioma) e mobilizar ós axentes do territorio.

O itinerario do programa está conformado por accións de captación, formación e acompañamento do voluntariado. A persoa voluntaria pode exercer o seu traballo incorporándose tanto ós equipos de acción social como de emprego, se ben, se detecta unha preferencia polo eido da atención social.

O reto está ó finalizar o ano 2006 en homoxeneizar o traballo dende o punto de vista metodolóxico e da xestión da calidade.

PROXECTO	POBOACION OBXECTO	Nº PARTICIPANTES	LOCALIZACION
“Encontro entre persoas: espazo para convivir”	Persoas xitanas e non xitanas que desexen colaborar voluntariamente coa FSG.	48	Vigo, Santiago de Compostela
I Encontro Autonómico		28	Lugo
Encontro Estatal			Santiago de Compostela
Vídeo			

# Comunicación e Sensibilización Social

Na axenda da política europea nos últimos anos a loita contra a discriminación racial ocupa un importante lugar coa aprobación de instrumentos legais como a Directiva 2000/43/CE relativa á aplicación do principio de igualdade de trato de persoas independentemente do súa orixe racial ou étnica.

En España, a Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas e de orden social é o marco mínimo de aplicación de dita directiva así como a creación do Consello para a promoción da igualdade de trato e non discriminación das persoas por orixe racial ou étnico.

A pesar de todas as medidas regulamentarias postas en marcha, todas as investigacións e estudos feitos ata o momento demostran que, en España, os xitanos, aínda sendo o grupo étnico máis numeroso e cunha presenza no noso país de máis de 500 anos, son o grupo social máis rexeitado o que desemboca a miúdo en situacións de discriminación que impiden o exercicio pleno da súa cidadanía, como así o demostra tamén o Informe Anual 2005, Discriminación e Comunidade Xitana, publicado pola nosa entidade.

A promoción da igualdade de trato non pode ceñirse exclusivamente á existencia de normas antidiscriminatorias e procedementos xudiciais senón que fan falla outros instrumentos no eido da atención ás vítimas, a mediación, de promoción no eido

educativo e nos medios de comunicación sen olvidar o importante esforzo que é necesario facer no eido da sensibilización social.

“Coñéceos antes de xulgalos” foi o lema da campaña de sensibilización social que na nosa entidade se puxo en marcha durante o periodo 2004-2006 para combatir en diferentes medios os prexuízos e estereotipos hacia a comunidade xitana. A campaña foi deseñada pola axencia de publicidade Saatchi & Saatchi e está composta por diferentes pezas gráficas, cuñas de radio, banner de Internet, spots de televisión e a canción “El alma no tiene color” composta por Antonio Remache e interpretada por él mesmo xunto con integrantes da familia Carmona.

Na primeira fase invitábase a unha reflexión, “¿ten sentido xulgar a todo un colectivo polas accións de algúns dos seus membros?”. As pezas creativas facían reflexionar sobre o asunto das xeralizacións e estereotipos e as mensaxes animaban a coñecer de primeira man a xitanos e xitanas que viven realidades non coincidentes cos estereotipos que socialmente se lles asignan. Propuxémonos no 2006 afondar nos **mecanismos da discriminación**: cando os estereotipos se asentán no imaxinario social rematan por convertirse en prexuízos, provocando sospeitas ou temores irracionais hacia todo o que teña que ver co grupo estigmatizado, neste caso, os xitanos.

Demasiadas veces os nosos prexuízos son as voces de outros: de aqueles que nos educaron, do contexto social no que vivimos, de persoas concretas coas que nos atopamos nalgún momento da nosa vida ou do que, sinxelamente, vemos nos medios de comunicación. Estas voces permanecen nas nosas crenzas, que se transforman en comportamentos e se manifestan de modo irreflexivo e absurdo na nosa vida cotiá. Son voces que deben ser cuestionadas, porque nunha sociedade madura como a nosa, que promove a autonomía e independencia das persoas, non podemos deixar que outros falen no noso nome por eso escollimos como lema desta segunda fase o de “Os teus prexuízos son as voces de outros”. A nivel autonómico, en Galicia presentamos a campaña en Santiago de Compostela e na cidade de Lugo. O noso obxectivo foi darlle a

maior difusión posible á campaña para o cal unha peza fundamental constituíana os medios de comunicación, polo que tamén ocuparon un lugar moi destacado nestes eventos xunto cos persoeiros invitados das diferentes institucións públicas e entidades coas que estamos a traballar e, como non podía ser doutro xeito, coa propia comunidade xitana. O material de merchandaising da campaña, ademáis de ser distribuído nas presentacións oficiais desta, foi tamén distribuído entre todas as persoas e entidades que dun xeito ou outro están contribuíndo ó desenvolvemento do noso traballo nesta comunidade.

Xa por último, debemos sinalar que o material/productos desta campaña é empregado como material didáctico en todas aquelas actividades que nós organizamos ou nas que participamos como entidade invitada.



# Calidade

No marco do compromiso da FSG coa implantación dun sistema de calidade e ó amparo do Plan Estratéxico de Calidade aprobado pola entidade para o período 2004-2006, en Galicia dimos ó longo dos dous últimos anos un paso máis alá na implantación dun sistema de xestión por procesos.

A Obra Social de Caixa Galicia (Socialia) no marco das accións que esta desenvolve para a profesionalización do Terceiro Sector dende o ano 2005 ofreceunos a posibilidade de firmar un convenio de formación para o I Programa de Introducción á xestión de calidade en ONLs e a dirección autonómica da FSG en Galicia, co apoio dos seus traballadores e co visto bó da dirección central, decidiu impulsar decididamente un traballo no marco da calidade no noso territorio, asumindo así o reto de introducir a xestión por procesos, neste primeiro momento, no Servizo de Intervención Social de Base Territorial (ISBT), servizo presente

nos catro dispositivos galegos, pero cunha implantación non homoxénea, contrariamente ó que ocorreu co modelo de traballo do Programa de Acceso ó Emprego (Acceder).

Durante o primeiro semestre do 2006, a dirección territorial, os técnicos dos diferentes equipos de acción social e o técnico@ responsable de coordinar

este traballo participaron, conxuntamente con outras entidades pertencentes ó Terceiro Sector, nas sesións de formación xestionadas por Socialia e impartidas por INTRESS, contando ademais co apoio do personal técnico de INTRESS que nos acompañou dende o último trimestre do 2005 en labores de tutorización para o trasvase dos contidos teóricos adquiridos á práctica do traballo diario.

Iniciamos o 2006 cun Mapa de Procesos definido e unhas obxectivos de calidade a cumprir durante o ano:

- Dentro dos procesos estratéxicos:
  - Documentar o proceso de Xestión de Recursos Humanos:
    - Definición do proceso.
    - Elaboración dos Perfís Profesionais integrantes dos equipos de acción social.
- Dentro dos procesos esenciais:
  - Normalizar alomenos 3 procesos:
    - Captación e Recepción de demandas.
    - Admisión.
    - Diagnóstico e Elaboración do Plan Individual de Intervención.

Como instrumento de xestión do proceso de calidade contamos con unha base de datos, o LORCA.

Asemade, neste proceso de calidade iniciado marcámonos un terceiro obxectivo a cumprir:

- Evaluar os servizos prestados pola FSG. Elaboramos para elo unha ferramenta que nos permitise introducir a opinión dos usuarios na avaliación dos nosos servizos e poder avaliar así o grao de satisfacción dos





destinatarios/as dos servizos que ofertamos, asumindo a definición de calidade dun servizo como a “función de discrepancia entre as expectativas dos clientes sobor do servizo que van a recibir e as súas percepcións sobor o servizo efectivamente prestado”.

Estes obxectivos de calidade formaban parte da Planificación da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006 co obxectivo de que os coñecimentos adquiridos durante este tempo nos permitisen desenrollar un proceso de mellora continua do traballo e o establecemento de protocolos de actuación que definen un procedemento homoxéneo de xestión e de traballo en todos os dispositivos da nosa comunidade, chegamos así a finais de ano a normalizar e protocolizar os citados procesos coa elaboración e a implantación dos seguintes rexistros:

- Folla de Acolida de usuari@s.
- Rexistro de Derivación Interna entre servizos (Acción Social – Acceder, e viceversa).
- Rexistro de Diagnóstico e Plan Individual de Intervención.

En canto á satisfacción de clientes, traballamos dende unha dobre óptica tanto no servizo de acción social como no Acceder:

- A dos usuari@s (clientes externos).  
Para elo establecimos o uso de:
  - Follas de Reclamacións /Suxerencias. A finais do 2006 non recibíramos ningunha en ningún dos catro dispositivos.
  - Enquisa de Avaliación do servizo. Diseñouse unha enquisa conformada por un total de 12 de preguntas (pechadas e abertas) coas que medir as 6 dimensións da calidade: accesibilidade, elementos tanxibles, fiabilidade e confianza, capacidade de resposta, seguridade e empatía e, ademáis e

como paso previo á realización da enquisa, estableceuse entre a dirección autonómica e os diferentes coordinadores os criterios de calidade considerados como os resultados mínimos a alcanzar para poder concluir que estamos ofertando uns servizos de calidade. As enquisas realizáronse entre o 12 e o 19 de xuño, facendo un total de 134 entrevistas conforme un muestreo aleatorio sistemático sobre os usuari@s dados de alta na base de datos correspondente (acción social vs. acceder). Os resultados obtidos permitíronnos concluir que os servizos que prestamos tanto no eido da atención social como do emprego son percibidos como satisfactorios, sendo a dimensión da empatía a máis valorada polos nosos usuarios/as así como a presenza de traballadores xitanos nos equipos.

- A dos traballadores (clientes internos).  
Estableceuse o uso de:
  - Folla de Suxerencias (Propostas de mellora do servizo). Tampouco recibimos ningunha.
  - Folla de Incidencias. Non se recibiu ningunha.

No último trimestre do 2006 e baixo esta mesma metodoloxía, iniciamos unha nova formación, novamente a través da Obra Social de Caixa Galicia, con INTRESS para a Implantación da Planificación Estratéxica nas ONLs que culminará coa elaboración do Plan Estratéxico 2006-2008 da nosa entidade para Galicia no marco do cal se elaborou a Planificación 2007 para a nosa comunidade.

# Documentación e Publicacións

Durante o ano 2006 en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo e a Asociación de Empresarios do Polígono de “O Ceao”, levamos a cabo un estudo-diagnóstico das necesidades de traballadores no mercado de baixa cualificación nas empresas situadas no polígono empresarial de O Ceao (Lugo), co obxectivo de analizar as competencias requeridas nos postos de traballo máis demandados e realizar propostas formativas acorde ás demandas, co fin último de elaborar unha ferramenta que facilite a identificación das competencias e facilite a selección de persoal, instrumento de traballo para os programas de inserción laboral que se están a desenvolver na cidade de Lugo.

A metodoloxía seguida baseouse fundamentalmente en:

- Diseño da investigación e proba das ferramentas de traballo;
- Traballo de campo sobor das competencias no mercado de baixa cualificación;
- Difusión e posta en valor dos resultados;

Entre os resultados que se obtiveron despois da realización do estudo, destácanse os seguintes:

- Elaboración dunha base de datos empresarial do Polígono industrial do Ceao;
- Análise e coñecemento do tecido empresarial do Polígono industrial do Ceao;
- Detección dos perfís laborais de baixa cualificación máis demandados polas empresas que conforman o Polígono Industrial do Ceao;